

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2016 pola que se convoca unha xornada sobre a calidade e innovación, o camiño para reducir custos e incertezas no proceso construtivo.*

Conforme os fins que lle encomenda a Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da Escola Galega de Administración Pública, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, a EGAP, en colaboración coa Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., convoca unha xornada sobre a calidade e innovación, o camiño para reducir custos e incertezas no proceso construtivo, de acordo coas seguintes bases:

#### 1. Obxectivos.

Entre os obxectivos principais desta xornada podemos destacar os seguintes:

– Reducir os custos na cimentación empregando técnicas innovadoras na realización do estudo xeotécnico. Falarase primeiro das exigencias ditadas no CTE en canto ao estudo xeotécnico, para, a seguir, expor as ferramentas que permiten mellorar a tensión admisible no caso das edificacións novas ou rehabilitacións.

– Diseñar a cimentación do edificio en fase de redacción do proxecto para prever e reducir a radioactividade natural nas vivendas en zonas proclives. Exporanse as ferramentas de medición e control que se realizarán no momento da execución do estudo xeotécnico e informarse da lexislación vixente e futura ao respecto.

– Explicar e fomentar as técnicas que existen na actualidade para avaliar o estado das edificacións e as súas patoloxías. Trataranse desde ferramentas para analizar o estado das estruturas ata outras para estudar a envolvente e a eficiencia enerxética do edificio. Así mesmo, comentarase o que dispón ao respecto a vixente Instrución EHE-08, CTE e demais regulamentación. Ademais, abordaranse as axudas da Administración para a mellora da eficiencia enerxética.



## 2. Contidos.

Trataranse, entre outros, os seguintes temas:

– Optimización da cimentación a través do estudo xeotécnico adecuado. Exemplos de aforro.

– Mellora da salubridade das vivendas e o control da radioactividade natural.

– Ferramentas á disposición da Administración e das D.O. para avaliar o estado das edificacións. Axudas da Administración para a mellora da eficiencia enerxética.

## 3. Destinatarios.

Arquitectos, arquitectos técnicos e técnicos en xeral das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, das universidades do Sistema universitario de Galicia, persoal das entidades do sector público, profesionais e persoas interesadas en xeral.

## 4. Desenvolvemento.

Lugar: EGAP, salón de actos, rúa Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Data: 27 de maio de 2016.

Horario: mañá.

Duración: 4 horas lectivas.

## 5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

## 6. Inscripción.

As persoas interesadas deberán formalizar a súa inscrición a través da área de matrícula da web da EGAP: <https://egap.xunta.es/matricula/>

O prazo para inscribirse estará aberto desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata as 23.00 horas do día 25 de maio de 2016.



Poderá obterse calquera outra información, desde as 8.30 ata as 14.30 horas, nos teléfonos: 981 54 62 41/54 62 39.

#### 7. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustifícase a súa realización.

#### 8. Certificado de asistencia oficial.

Ao final da xornada expediráselles un certificado electrónico de asistencia, descargable desde a área de matrícula (<https://egap.xunta.gal/matricula>), a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente e sempre que a súa asistencia fose igual ou superior ao 90 % das horas lectivas programadas. Este documento estará asinado electronicamente pola EGAP e incluírá, de forma expresa, o contido, a carga lectiva, a data e o lugar de realización da xornada, así como un código de verificación electrónica (CVE) para contrastar a súa autenticidade.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2016

Sonia Rodríguez-Campos González  
Directora da Escola Galega de Administración Pública

CVE-DOG: exmqppm5-0i08-izy9-nfj0-lj-1jdqzskqg6

